

## I Concurso PIMAgA | Fallo do xurado

Reunida a Comisión de divulgación científica do CITMAGA, en calidade de xurado do I Concurso PIMAGA, acorda fallar o concurso coa seguinte orde de premios e polas razóns que se explicitan:

### 1. Traballando o número $\pi$ (1º ESO) | IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras)

**Comentario do xurado:** a proposta consiste nunha secuenciación de tres actividades para traballar o número  $\pi$ . A actividade inicial é de achegamento a esta temática mediante a lectura dun libro, a segunda actividade consistente no cálculo aproximado do número  $\pi$  a través da experimentación, relacionando a lonxitude da circunferencia co seu diámetro, e como terceira actividade, elaborouse un mural con información sobre  $\pi$ , que complementa as actividades anteriores. O xurado valora a orixinalidade da secuencia e a adecuación didáctica ao número  $\pi$  dende a súa característica definitoria. O alumnado vese involucrado en todo o proceso e ten acceso a unha aprendizaxe significativa. A exposición é completa e clara, no sentido en que permite a súa replicación. Ademais, a actividade alterna tarefas guiadas con outras máis abertas nas que o alumnado pode desenvolver a súa creatividade. Adicionalmente, na proposta utilízase unha ampla gama de recursos de distinta natureza cun foco común.

### 2. Poñamos que falo de Ferrol... Descubrindo enigmas na cidade (3º ESO) | CPR PLURILINGÜE “SAGRADO CORAZÓN” – MM. MERCEDARIAS

**Comentario do xurado:** a proposta consiste nunha serie de actividades enfocadas a localizar distintos lugares no plano da cidade de Ferrol. Destaca pola súa orixinalidade, combinando actividades de diversa índole que tratan contidos matemáticos variados. Permite traballar aspectos do currículo dun xeito recreativo, á vez que se mantén o mapa como nexa entre os distintos exercicios. O xurado valora especialmente a cantidade de material orixinal elaborado para o desenvolvemento da actividade, así como o detalle na exposición.

### 3. Xogamos coas matemáticas en educación física | CEIP A Ponte (Ourense)

**Comentario do xurado:** a proposta consta de diversas actividades desenvolvidas na clase de Educación Física con motivación matemática. Valórase moi positivamente a introdución das Matemáticas dun xeito interdisciplinar na clase de Educación Física. As actividades, adaptadas ao nivel educativo, permiten traballar conceptos matemáticos, ao tempo que se realizan distintos exercicios físicos, favorecendo a relación de ideas abstractas con aspectos máis concretos. Ademais fomenta o traballo en equipo.

O xurado propón un accésit a:

### **1. Pi-Cadea e Concurso de Pituits | IES Mugar dos (Mugar dos)**

**Comentario do xurado:** considéranse as dúas actividades en conxunto. A primeira consiste na realización dunha cadea humana na pista exterior do centro, onde cada persoa sostén o dígito correspondente coa secuenciación do número  $\pi$ . A segunda actividade é un concurso onde se escriben textos nos que o número de letras coincide coa secuenciación de  $\pi$ , ao estilo do coñecido como “pilish”, no que cada palabra debe ter tantas letras como indica a cifra correspondente de  $\pi$ . A actividade amosa o seu potencial nas posibilidades que abre para entender propiedades do número  $\pi$  como número irracional.

CITMAga, 18 de abril de 2024.